

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PORTO DO SON

Aprobación definitiva da modificación de diversas Ordenanzas fiscais

ANUNCIO

Ao abeiro do disposto no artigo 17.4 do RD Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, procédese á publicación do acordo de modificación das Ordenanzas fiscais do Concello de Porto do Son que se relacionan e do texto íntegro das referidas modificacións, unha vez que se elevou a definitivo o acordo de aprobación inicial de modificación desas ordenanzas, e que é do seguinte teor literal:

“Primeiro.- Aprobar a numeración das ordenanzas fiscais vixentes segundo o seguinte detalle;

Nº	ORDENANZAS FISCAIS
1	Ordenanza fiscal do imposto sobre bens inmobles
2	Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica
3	Ordenanza fiscal do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana
4	Ordenanza fiscal do imposto de actividades económicas
5	Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras
6	Ordenanza fiscal da taxa pola subministración municipal de auga a domicilio
7	Ordenanza fiscal reguladora da taxa de sumidoiros
8	Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos
9	Ordenanza fiscal reguladora da taxa por licencias de enterramento e outros servizos fúnebres de carácter municipal
10	Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación de servizos nas instalacións deportivas do ximnasio municipal
11	Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola utilización do pavillón polideportivo municipal
12	Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación de servizos das escolas deportivas
13	Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola participación na movida urbana do Concello de Porto do Son
14	Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación das escolas municipais de música e baile
15	Ordenanza reguladora da taxa pola tramitación e expedición de documentos
16	Ordenanza reguladora da taxa pola inmovilización, retirada e depósito de vehículos e outros
17	Ordenanza reguladora da taxa por aproveitamentos especiais da vía pública con parada ou sitio de automóviles lixeiros que prestan servizos urbanos de transporte
18	Ordenanza fiscal reguladora da taxa sobre vaos permanentes e reservas de vía pública para aparcadoiro vinculado a uso comercial e carga/descarga de mercadorías
19	Ordenanza fiscal pola utilización privativa de subsolo, solo e voo, por empresas de subministros
20	Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola ocupación de terreos de uso público por mesas e cadeiras, tribunas e outros elementos análogos con finalidade lucrativa
21	Ordenanza reguladora da taxa por postos, barracas, caseta de venda, espectáculos ou atraccións situadas no terreo de uso público e industrias ambulantes e rodaxe cinematográfica
22	Ordenanza reguladora da taxa por instalación de quioscos na vía pública
23	Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación de servizos na praza de abastos de Porto do Son
24	Ordenanza fiscal reguladora da taxa sobre ocupación de terreos públicos con valos, puntais, estadas, grúas e instalacións análogas
25	Taxa pola apertura de calcatas ou gabias en terreos de uso público e calquera remoción do pavimento ou beirarrúas na vía pública
26	Taxa pola ocupación de columnas, carteis e outras instalación para exhibición de anuncios

Segundo.- Aprobar a actualización das tarifas e cotas tributarias previstas nas ordenanzas fiscais que se relacionan para a súa conversión a euros:

– Artigo 5º.1. da Ordenanza fiscal reguladora da taxa de sumidoiros:

A cota desta taxa será a seguinte:

CONCEPTOS	IMPORTES
Vivendas, cota anual	9,02 €
Industriais, por m3, auga consumida	0,06 €/m3

– Artigo 5º da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por licenzas de enterramento e outros servizos fúnebres de carácter municipal:

1º.- Expedición de licenzas de enterramento.

Por cada enterramento en panteón, nicho de parede ou sepultura 60,10 €

2º.- Expedición de títulos de concesión de nichos ou sepulturas, 30,05€

3º.- Licenzas de obras.

Por construción de panteóns, criptas, mausoleos e outras construcións funerarias suntuarias, o 0,25 por cento do presuposto da obra, cun mínimo de 30,05 €

– Artigo 4º da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola utilización do pavillón polideportivo municipal.

4.1.- As taxas que deberán ser satisfeitas ó Concello por utilización das instalacións que deseguido se sinalan, axústase ás seguintes cotas:

a) Utilización para adestramento, entendendo por tal cando non se utilicen árbitros e cun único vestiario.

Por hora ou fracción: 3,01€

b) Partidos amigables ou oficiais con entrada gratuíta (non utilizando os despachos de billetes):

Por hora ou fracción: 6,01€

c) Partidos de competición oficial con cobramento de entrada.

Por hora ou fracción: 30,05 €

d) Nos casos a que se refiren os apartados a), b) e c), se utiliza luz eléctrica aboarase unha cantidade adicional.

Por cada hora ou fracción: 1,50 €

e) Utilización do polideportivo para espectáculos deportivos.

Con cobramento de entrada: 156,26 €

Sen cobramento de entrada: 31,55 €

f) Utilización do polideportivo para espectáculos ou actos extradeportivos: 661,11 €

g) Utilización do ximnasio, ata un máximo de 15 persoas:

Por hora de uso e persoa : 0,60 €

h) Utilización do polideportivo para espectáculos musicais, o 7,5 por cento da recadación.

4.2.- Publicidade:

Pared frontal:

0,90 * 0,60 m: 75,13 €/ano

1,83 * 1,22 m: 150,25 €/ano

3,60 * 2,44 m: 300,51 €/ano

Paredes laterais: 1,83 * 1,22 m: 120,20 €/ano

Círculo central: 601,01 €/ano

Círculo de zona: 300,51 €/ano

– Anexo da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola tramitación e expedición de documentos.

Epígrafe 1º.- PERMISOS, AUTORIZACIÓNS, LICENZAS.

1.1.- Autorización e licenzas para construción:	
A.-Obras menores:	
A.1.- 0,25% do presuposto da obra cun mínimo de euros	30,05€
A.2.-Considéranse exceptuadas desta imposición, coa finalidade de promover o ornato público, o uso de materiais nobres e autóctonos e o adementamento xeral dos inmobles do municipio, as actuacións seguintes:	
a) Por pintado de fachadas	
b) Por revestimento de fachadas en pedra	
c) Por cambio de fiestras	
d) Por colocación de tella do país nas cubertas	
As obras eximidas poderán facerse durante todo o ano	
B.- Obras maiores:	
B.1.- Vivendas unifamiliares de menos de 250 m2 , da base liquidable do ICIO, o	0,25%
B.2.- Vivendas de máis de 250 m2, edificios de varias vivendas ou locais, arrimadas, naves , edificios comerciais ou industriais, do orzamento, o	0,5%
1.2.-Licenzas de primeira utilización:	
A.-De vivendas unifamiliares de menos de 250 m2, en función da base liquidable do ICIO, o	0,10%
B.-Resto de edificacións, en función da base liquidable do ICIO, o	0,25%
1.3.-Parcelas urbanas:	Euros
A.-Por m2	0,12 €

Mínimo	60,10 €
B.-Plans parciais, plans especiais, estudos de detalle a instancia de particulares, por m2	0,30 €
Mínimo	601,01€
1.4.-Delimitación de polígonos ou unidades de execución:	
A.-Estatutos, bases e proxecto de compensación	601,01€
1.5.-Licenzas colocación de rótulos:	
A.-Por m2	12,02€
1.6.-En autorizacións e licenzas para construción co seguinte contido:	
Por prórrogas de licenzas urbanísticas:	6,34 €

Epígrafe 3º.- VARIOS

3.1.-Bastanteo de poderes polo secretario letrado	18,03€
3.2.-Declaracións de ruína, en función do valor do inmovible	2%
3.3.-Informacións urbanísticas:	
A.-Se non é necesario desprazamento de persoal municipal	30,05€
B.-Se é necesario desprazamento de persoal municipal	60,10€
3.4.-Contratos execución de obras:	
A.-Ata 6.010,12 €	3,61€
B.-De 6.010,12 € por cada 6.010,12 €	7,21€
3.5.-Compulsas	
1º compulsas	0,66€
2º compulsas	0,19€
3.6.-As copias realizadas , a petición de parte, nas fotocopiadoras municipais, por cada cara:	0,07€
3.7.-Pola busca de documentos nos arquivos, oficinas municipais, dentro do último quinquenio:	3,19€
Por cada cinco anos anteriores ao mesmo, incrementarase na cantidade de 3,18€ quinquenio, sen exceder de 6,34€	
3.8.-Por devolución de avais:	15,81€
3.9.-Taxas por certificacións do punto de información catastral:	
Certificado catastral telemática	1,26€
Certificación catastral descriptiva e gráfica	12,00€

– Artigo 4º da ordenanza fiscal reguladora da taxa por postos, barracas, caseta de venda, espectáculos ou atraccións situadas no terreo de uso público e industrias ambulantes e rodaxe cinematográfica.

EPÍGRAFE	EUROS	
	DIARIO	ANUAL
1.- Licenzas para a ocupación de terreos destinados a tómbolas, rifas, vendas rápidas e similares. Por cada m2 ou fracción	0,06	17,31
2.- Licenzas para a ocupación de terreos dedicados a bambáns, aparatos voadores, casetas de tiro, carruaxe, xogos de cabaliños, coches de choque e, en xeral, calquera clase de aparatos de movemento. Por cada m2 ou fracción	0,06	17,31
3.- Licenza para a ocupación de terreos destinados a teatros, circos e, en xeral, calquera clase de espectáculos. Por cada m2 ou fracción,	0,02	17,31
4.- Licenza para ocupación de terreos destinados á instalación de restaurantes, bares, polbeiras, tabernas e similares. Por cada m2 ou fracción	0,06	17,31
5.- Licenzas para a ocupación de terreos con camiós ou vehículos para a venda de bocadillos, hamburguesas, chocolates, refrescos, bebidas, froitas, etc. Por cada m2 ou fracción	1,05	17,31
A superficie computable será a que realmente ocupe o vehículo, máis unha faixa de terreo de 1 metro de anchura, paralela á fronte da liña exterior ó mostrador ou instalación que se utilice para o uso ou servizo do público		
6.- Licenzas para a ocupación de terreos destinados á instalación de chocolatería, masa frita, patacas fritidas, xelados e algodón en doce. Por cada m2 ou fracción	0,06	17,31
7.- Licenzas para a ocupación de terreos destinados á instalación de postos para a venda de turróns, roscóns, doces, froitos secos, froitas e hortalizas, queixos, ovos, patacas e calesquera outros produtos comestibles. Por cada m2 ou fracción	0,45	17,31
8.- Licenzas para a ocupación de terreos destinados á instalación de casetas ou postos para a venda de xoguetes, cerámicas, bixería e calesquera outros produtos ou artigos non comestibles. Por cada m2 ou fracción	0,45	17,31
9.- Fotógrafos, debuxantes e caricaturistas	0,57	27,05
Os artefactos que se utilicen como complemento das súas actividades pagarán por cada m2 ou fracción	0,06	17,31
10.- Licenzas para a venda ambulante, no brazo, de globos, bastóns, barquillos e calesquera outra clase de artigos	0,51	13,22
Os vendedores ós que se refire este epígrafe non poderán utilizar carros, carriños, vehículos, mesas, nin ningún outro artefacto apoiado no chan		
11.- Licenzas para a ocupación de terreos destinados a locais para a venda de entradas das instalacións de aparatos, espectáculos, teatros, circos, etc..., sempre que estean colocados fóra da superficie subastada ou adjudicada. Por cada m2 ou fracción	0,51	12,62
12.- Licenzas para a instalación de aparatos automáticos accionados por moedas, para entretemento, recreo ou venda. Por cada m2 ou fracción.	0,67	21,04
13.- Licenza para ocupacións de terreos con postos para a venda de libros, revistas, etc. Por cada m2 ou fracción	0,51	12,62
14.- Pola ocupación da vía pública ou terreos de uso público para a rodaxe de películas. Por cada m2 ou fracción	5,11	
Cota mínima deste epígrafe	27,05	

- Artigo 4º.2 da ordenanza fiscal reguladora da taxa por instalación de quioscos na vía pública.

CLASE DE INSTALACIÓN	CATEGORÍA DAS RÚAS		
	1º	2º	3º
A) Quioscos dedicados á venda de bebidas alcólicas, cafés, refrescos, etc. Por m2 e trimestre. Euros	8,65	4,33	4,09
B) Quioscos dedicados á venda de prensa, libros, expendeduría de tabaco, lotería, lambetadas, etc. Por m2 e trimestre. Euros	8,65	4,33	4,09
C) Quioscos dedicados á venda de xelados, refrescos e demais artigos propios de tempada e non determinados expresamente noutro epígrafe desta ordenanza, cun mínimo de dez metros cadrados. Euros	86,55	69,24	28,85
D) Quioscos de masa frita. Por cada m2 e trimestre. Euros	4,09	4,09	3,19
E) Quioscos destinados á venda de cupóns de cegos. Por m2 e trimestre. Euros	0,90	0,90	0,90
F) Quioscos destinados á venda de flores. Por m2 e trimestre. Euros	4,09	4,09	3,19
G) Quioscos destinados á venda doutros artigos non incluídos noutro epígrafe desta ordenanza. Por m2 e mes. Euros	4,09	4,09	3,19

- Artigo 2º da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola apertura de calcatas ou gabias en terreos de uso público e calquera remoción do pavimento ou beirarrúas na vía pública.

A contía da taxa regulada nesta ordenanza será a seguinte:

- 0,60 euros por metro lineal en terreos de uso público sen pavimentar.
- 12,02 euros por calquera cruce de pista, beirarrúa ou outro terreo pavimentado de uso público.

- Artigo 2º da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola ocupación de columnas, carteis e outras instalacións para exhibición de anuncios.

A estrutura e contía desta taxa será aplicable unicamente na autorización de postes de alumado público municipal, conforme ás taxas seguintes:

- 0,60 euros por punto de luz ó mes.
- 3,01 euros por punto de luz ó ano.

Terceiro.- Modificar as ordenanzas fiscais referidas ás taxas pola prestación de servizos das escolas deportivas, movida urbana, escolas municipais de música e danza e tramitación e expedición de documentos (compulsas e copias realizadas), nos seguintes termos:

- Artigo 6º da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación de servizos das escolas deportivas.

“Establécense as seguintes tarifas:

Nº	TIPO DE COTA	TARIFA
1.1	Aboamento individual/actividade	8,25 €/mes
1.2	Aboamento do segundo membro da unidade familiar inscrito/actividade	4,15 €/mes
1.3	Aboamento terceiro e sucesivos membros da unidade familiar/actividade	2,06 €/mes
1.4	Socios do ximnasio municipal/actividade	4,15 €/mes

Enténdese por membro da unidade familiar pais, nais e descendentes (non divorciados ou separados legalmente) que figuren no libro de familia, así como, membros de familias monoparentais, e parellas de feito debidamente inscritas no rexistro administrativo correspondente, e os seus descendentes sempre que convivan nunha mesma vivenda, acreditándose esta circunstancia cos datos obrantes no padrón de habitantes do Concello de Porto do Son

A duración das escolas deportivas determinarase con anterioridade ó seu inicio por acordo da Alcaldía, de modo que a cota de inscrición ou importe total da taxa será o resultado de multiplicar a tarifa mensual polo número de meses de duración da actividade.”

- Artigo 6º da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola participación na movida urbana.

“Establecese unha bonificación do 50% da cota para aqueles usuarios que teñan un irmán inscrito nas actividades de Movida Urbana, e dun 75% para aqueles que teñan dous ou máis irmáns inscritos.”

- Artigo 6º a) da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación dos servizos das escolas municipais de música e baile.

“Establécense as seguintes bonificacións:

a) Bonificación do 50% da cota tributaria para segundos membros da unidade familiar e do 75% para os terceiros e sucesivos membros da unidade familiar.

Enténdese por membro da unidade familiar pais, nais e descendentes (non divorciados ou separados legalmente) que figuren no libro de familia, así como, membros de familias monoparentais, e parellas de feito debidamente inscritas no

registro administrativo correspondente, e os seus descendentes sempre que convivan nunha mesma vivenda, acreditándose esta circunstancia cos datos obrantes no padrón de habitantes do Concello de Porto do Son.”

– Epígrafe 3º apartados 3.5 e 3.6 da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola tramitación e expedición de documentos.

3.5.-Compulsas	
1º compulsas	0,66€
2º compulsas	0,19€
Establécese unha bonificación do 100% aos usuarios do Departamento de Servizos Sociais do Concello de Porto do Son que tramiten axudas directamente relacionadas cunha situación de precariedade económica, debidamente acreditada por dito servizo municipal.	
3.6.-As copias realizadas , a petición de parte, nas fotocopiadoras municipais, por cada cara:	0,07€
Establécese unha bonificación do 100% aos usuarios do Departamento de Servizos Sociais do Concello de Porto do Son que tramiten axudas directamente relacionadas cunha situación de precariedade económica, debidamente acreditada por dito servizo municipal.	

Contra o presente acordo poderá interpoñerse polos interesados recurso contencioso- administrativo, perante a Sala do Contencioso- administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso- Administrativa.

Porto do Son, 13 de xaneiro de 2014.

O Alcalde- Presidente,

Asdo. José Luis Oujo Pouso.

2014/420